




A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 20 de marzo de 2017 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente ás sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2017.
- * Aprobación do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do SUG para o curso 2017-2018.
- * Aprobación das declaracións de interese e do procedemento para a elaboración e aprobación das memorias de novos títulos de grao e máster.
- * Aprobación da programación docente anual (PDA) de grao e máster para o curso 2017/18, acordándose abrir unha convocatoria extraordinaria para implantar Plans de Internacionalización nos centros da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do límite de prazos de grao e máster para o curso 2017/18.
- * Proposta de nomeamento de membros das comisións avaliadoras do programa DOCENTIA.
- * Aprobación das normas básicas de POD.
- * Aprobación do programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.
- * Aprobación da proposta de extinción da titulación propia Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda (ESDEMG) da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da solicitude de cambio de área do profesor Javier de Agustín Guijarro.
- * Aprobación do calendario académico do curso 2017/2018.
- * Aprobación da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2017.
- * Aprobación da participación na empresa CAT&D como EBT da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da constitución da agrupación INEX (Industria e Enerxía) como agrupación estratéxica de investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da actualización da relación de agrupacións estratéxicas, centros singulares de investigación e centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación dos prezos mensuais no complexo residencial As Burgas (Ourense) para o curso 2016-2017.
- * Aprobación do cambio de denominación da “Escola de Negocios Afundación” pola de “Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE)”.
- * Aprobación dos seguintes convenios: *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and Arab Academy for Sciences, Technology and Maritime Transport – Specific agreement between the Universidade de Vigo (Spain) & Arab Academy for Sciences, Technology and Maritime Transport (Egypt) for students exchange (Undergraduate, Master, Phd)* – Convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, a Universidade de Vigo e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, para a participación de España na infraestrutura europea EMBRC-ERIC, dedicada á investigación dos recursos biolóxicos mariños – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Champagnat* – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña e Vigo para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Católica de la Santísima Concepción* para o intercambio de estudantes.
- * Foi elixido representante do sector Alumnado na Comisión de Investigación:
 - Alexandre Louzao Carreira

Vigo, 21 de marzo de 2017
A secretaría xeral

Gloria M. Pena Uris




Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.